

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****MOS****Subvencións*****BASES DE AXUDAS PLAN CULTURAL 2016***

Aprobadas as “Bases Axudas do Plan Cultural 2016 do Concello de Mos” en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 7 de marzo de 2016, pola presente expóñense ao público co fin de que polos interesados se poida presentar a solicitude de subvención:

**BASES AXUDAS PLAN CULTURAL 2016
CONCELLO DE MOS*****PRIMEIRO. FINALIDADE E OBXECTO:***

O Concello de Mos, pola presente convocatoria quere dar apoio ás entidades culturais e veciñais municipais que teñen grupos musicais, de baile, de teatro, corais, folclóricos, Tc.

Trátase por tanto dun plan que suma todas as expresións artísticas co obxectivo de preservar a nosa entidade para así contribuír e apoiar os programas culturais e musicais para que ao mesmo tempo acaden os obxectivos que lles son propios e tamén para estimular a participación dos cidadáns e cidadás nas diferentes liñas de acción que definan ás entidades.

O Concello de Mos quere desta forma contribuír a promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura popular galega, así coma todas as accións destinadas á recuperación do seu patrimonio: tradicións, historia, folclore, etnografía, Tc.

Consonte co anterior, e conforme ó disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e no Regulamento de servizos das corporacións locais, e con cargo ó orzamento do Concello de Mos para o ano 2016, convócase, para o período que vai comprendido entre o 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2016, a subvención que a continuación se detalla:

MATERIA	PROGRAMA	APLICACIÓN	CANTIDAD €
Cultura	Plan Cultural	331.489.0000	25.000,00 €



SEGUNDO. SOLICITANTES

Poderán optar ós programas contidos na presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas
- Carecer de fins de lucro
- Estar rexistradas no Concello de Mos, cos estatutos debidamente legalizados no rexistro da Xunta de Galicia, e inscritos no rexistro de asociacións veciñais do Concello de Mos, de acordo co establecido nos artigos 232 e 236 do R.D., 2568/86, do 28 de novembro (ROF).
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas

Cada asociación ou centro cultural poderá inscribir diferentes grupos: baile, canto, música, teatro, e outros. Non se considerarán diferentes grupos en función da idade dos compoñentes.

1.—Participar nas actividades organizadas polo Concello debendo participar cun mínimo do 75% dos seus membros o cal se lles comunicará con 30 días de antelación da actuación.

2.—As restantes actuacións realizaranse logo da petición da asociación cultural interesada ao/á concelleiro/a delegado/a de Cultura, e deberá ser aceptada por este/a para o seu cómputo.

3.—As Comisións de Festas so poderán participar do Plan Cultural, solicitando un máximo de dúas actuacións desde convenio e sempre que os grupos solicitados non sexan da súa parroquia.

4.—As asociacións non poderán solicitar os seus propios grupos ou grupos da súa parroquia.

5.—Aquelas asociacións que teñan máis dun grupo, sumaránselle as actuacións entre os seus grupos.

6.—Os grupos que fagan o acompañamento aos grupos de baile, non se computarán como grupos específicos, e consideraranse como integrantes do propio grupo de baile.

O incumprimento de calquera punto das obrigas que figuran en estas bases imposibilitará a participación no Plan Cultural de este Concello.

TERCEIRO. DOCUMENTACIÓN

Documentación xeral que a entidade solicitante deberá presentar no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación destas bases no BOP.



1.—As asociacións solicitantes deben presentar a solicitude de participación achegando debidamente cubertos o Anexo I e II que aparecen nestas bases.

2.—Anexo II e no seu defecto, fotocopia compulsada dos seguintes documentos: CIF, estatutos, certificado dos datos bancarios, NIF do representante

3.—Anexo II e no seu defecto as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

4.—Anexo II ou no seu defecto compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Mos en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades ou inversións.

CUARTO. CRITERIOS DE VALORACIÓN

1.—Contraprestacións por actuacións.

Será para aquelas asociacións que tendo grupos soliciten formar parte deste convenio e realicen as actuacións que a Concellaría de Cultura lles autorice previa solicitude. O crédito existente na partida orzamentaria ascende a 25.000,00 € sinalada neste convenio.

1º) As asociacións que teñen tres grupos ou menos terán 4 actuacións como máximo (a táboa xunta e soamente orientativa e está suxeita a que nas solicitudes que se presenten poida verse modificado o número de grupos)

ASOCIACIÓN	GRUPOS
Asomamos	2
Grupo de gaitas Xogara	1
Asoc. Cult. De Herville	1
Asoc. Cult. San Martín de Tameiga	1
AAVV Chan do Bosque	1
Coral Polifónica Ventos do Val	1
AAVV Nosa Terra de Pereiras	1
Asoc. Mulleres Rurais	1
Círculo Cultural Abrente	4
Coral O Son dos Cantares	1
Asoc. Grupo Folclórico Arume	3
Grupo de teatro Os de Triana	2
Agrupación Cultural A Cividade	3
As Lagharteiras	2
TOTAL..14 Asociacións	23 Grupos
14 asoc. X 4 actuac. ...	56 actuacións



As asociacións que teñen catro grupos ou máis, terán 4 actuacións, máis unha por cada grupo que exceda de 3.

ASOCIACIÓN	GRUPOS	Actuacións máximas
Círculo Rec. e Cultural de Torroso	4	5
G. F. Nosa Terra de Pereiras	5	6
Asoc. Cultural Celado de Cela	6	7
Círculo Cult. Santa Eulalia	5	6
Asoc. Cultural Tangaraño	6	7
C.S.C.D. As Pedriñas	4	5
Asoc. Rec. e Cultural de Guizán	4	5
Total....7 asociacións	Total 34 grupos	Total 41 actuacións

O número de actuacións estarán limitadas segundo a táboa xunta e a un importe de 200,00€ por cada actuación quedando supeditadas os 25.000,00€ da partida orzamentaria e independentemente do grupo que sexa ou do número de integrantes que o compoñan.

QUINTO. PUBLICIDADE, LUGAR, PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E RESOLUCIÓN

A publicidade das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello de Mos e anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a convocatoria, así como o prazo de presentación de solicitude.

As asociacións solicitantes deben presentar a solicitude de participación nos programa a subvencionar no prazo de 20 días naturais a partir do día seguinte á publicación deste plan no BOP, achegando debidamente cubertos os modelos que aparecen no Anexo I e II destas bases.

O prazo a xustificación das subvencións finalizará o día 31 de xaneiro do 2017, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado, ou por proposta razoada da unidade xestora debendo presentarse antes desa data a solicitude de prórroga.

Vencido o prazo de xustificación sinalado anteriormente, a Concellería de Cultura requirirá para que no prazo improrrogable de quince días, presente a documentación xustificativa á entidade solicitante. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o arquivo da solicitude o cal será notificado ó interesado.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención, individualmente considerada, supera os 3.000 euros, ou no taboleiro de anuncios do Concello nos restantes casos. O Concello de Mos ten un prazo de 2 meses para a resolución definitiva.



**SEXTO. SOLICITUDES DE ACTUACIONES DE GRUPOS
SELECCIONADOS NO PLAN CULTURAL.**

As asociacións interesadas na actuación dalgún grupo pertencente a unha asociación que participe no Plan Cultural, deberá de solicitalo por escrito, que terán que presentar no rexistro municipal, como mínimo un mes antes da actuación prevista. O Concello concederá a actuación do grupo solicitado, sempre que o grupo requirido estea dispoñible ou teña actuacións pendentes.

As solicitudes de actuacións serán concedidas por rigorosa orde de entrada no rexistro municipal; salvo causa ou forza maior que se xustificará motivada.

Na publicidade das actuacións deberá constar expresamente a colaboración da Concellería de Cultura do Concello de Mos. Co obxecto de comprobar este extremo, as asociacións deberán presentar no Rexistro do Concello a xustificación documental que acredite este requisito (Fotos, carteis...Tc)

As solicitudes de actuacións poderanse presentar até o día 31 de decembro de 2016 a través do modelo Anexo III e posterior presentación do anexo IV sen o cal non se poderá contabilizar a actuación..

SEPTIMO. PROCEDIMIENTO DE PAGO

As asociacións poderán solicitar o anticipo da axuda referida ó número de grupos inscritos cando se xustifique a insuficiencia de medios para financiar as actividades descritas. Poderán solicitar o 40% nos primeiros tres meses dende a publicación destas bases.

OCTAVO. REINTEGRO DAS COMPENSACIONES ECONÓMICAS

Procederáse ao reintegro das cantidades percibidas e aos correspondentes intereses de mora dende o momento do aboamento das axudas e compensacións económicas, entre outros, nos supostos seguintes:

Incumplimento da finalidade do convenio.

Falsidade dos datos achegados.

Outras causas enumeradas no artigo 37 da Lei 37/03, de 18 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Mos.



NOVENO. SILENCIO ADMINISTRATIVO

Tanto as solicitudes de participación no Plan Cultural como as solicitudes de actuacións, entenderanse desestimadas se non se notificase a resolución expresa no prazo de tres meses, a contar dende a súa presentación no rexistro municipal.

DÉCIMO. ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

Estas bases entrarán en vigor no día seguinte ao da súa publicación. Terán unha duración dende o 2 de xaneiro até o día 31 de decembro de 2016, e quedará condicionado pola existencia de crédito na partida orzamentaria sinalada neste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRO. DISPOSICIÓN DERRADEIRA:

En todo aquilo non regulado expresamente nestas bases, rexerase polas disposicións xerais recollidas na Ordenanza xeral de subvencións e o resto de normativa reguladora das subvencións.



SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PLAN CULTURAL 2016**ANEXO I**

Razón Social _____ C.I.F. _____

NOVO enderezo: _____

Datos Representante:

Nome _____ Apellidos _____

D.N.I. _____ Teléfono 1º _____ Teléfono 2º _____

Correo electrónico _____

Solicito a inclusión da entidade que represento no Plan Cultural 2016.

Relación de grupos a incluír:

NOME DO GRUPO

Nº DE MEMBROS

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

Mos, ____ de _____ de 2016

Asdo.



PLAN CULTURAL 2016**ANEXO II**

Razón social _____ C.I.F. _____

Datos do/a Representante:

Nome _____ Apellidos _____

D.N.I. _____ Teléfono _____

DATOS BANCARIOS: Banco/Caixa:										Nº CONTA:									

Declaro que ata o día de hoxe non se solicitou nin se percibiu ningunha axuda de ningunha outra administración públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, comprometéndonos a comunicalas no caso de solicitalas ou obtelas.

Declaro que esta entidade que presido non esta incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, coñezo e acepto as bases da convocatoria e asumo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Comprométome a facer constar a colaboración do Concello de Mos en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.

E para que así conste perante a Concellaría de Cultura do Concello de Mos, ós efectos de esta subvención subscribo a presente.

Mos, ____ de _____ de 2016

Asdo. O/A PRESIDENTE/A: _____



ANEXO III SOLICITUDE DE ACTUACIÓN
DOS GRUPOS INSCRITOS NO PLAN CULTURAL 2016

Razón social _____ C.I.F. _____

Datos do Representante:

Nome _____ Apellidos _____

D.N.I. _____ Teléfono _____

Solicito a actuación do grupo _____

Teléfono _____ persoa de contacto: _____

para actuar en _____, data _____ e hora _____

con motivo da celebración de _____.

Comprometéndome a entregar o xustificante da actuación dentro dos cinco días seguintes á realización da actuación.

Asinado: O/A Representante da entidade solicitante.

Nome e apellidos

Selo da asociación

.....
A Concelleira delegada de Cultura, Dona. Sara Cebreiro Alonso autoriza a actuación nas seguintes condicións:

Asdo. Concelleira Delegada Cultura



PLAN CULTURAL 2016**ANEXO IV****XUSTIFICANTE DE ACTUACIÓN**

Razón social _____ C.I.F. _____

Datos do/a Representante

Nome _____ Apellidos _____

D.N.I. _____ Teléfono _____

DECLARO:**Que o grupo de: _____ da entidade _____****actuou en _____, na data: _____ e no seguinte****horario _____****con motivo da celebración de _____****E para que conste, ante o Concello de Mos, asina e sela este documento, a/o representante da asociación que fixo a solicitude.**

Mos _____ de _____ 2016

Representante da entidade peticionaria

Don/a _____ Selo da Asociación

Mos, 18 de febreiro de 2016.—Concelleira Delegada de Cultura, Sara María Cebreiro Alonso.

